



CONSORCIO DE
SANTIAGO


Newsletter

Setembro 2020

REHABILITACIÓN

O Consorcio destinará 120.000 € á adecuación dos locais comerciais da cidade histórica como apoio á recuperación económica trala COVID-19

O Consorcio de Santiago vai destinar 120.000 € para apoiar o comercio da cidade histórica compostelá na súa adaptación ás esixencias da nova normalidade. Estas axudas inclúen a mellora da accesibilidade e a eficiencia enerxética dos locais, a súa imaxe exterior e o seu acondicionamento interior, o seu acondicionamento acústico, xunto á instalación das medidas de protección necesarias contra a COVID-19. Na avaliación das solicitudes primárase aos locais que se visen obrigados ao peche pola declaración do estado de alarma.



EXPOSICIÓN

Últimos días para visitar a exposición “Des_facendo o xénero (a través da arte)” na Casa do Cabido

A exposición “Des_facendo o xénero (a través da arte)” aínda pode visitarse na Casa do Cabido, onde permanecerá durante este mes de setembro. Nesta mostra dez artistas e tres escritoras aprofundan no papel da arte para amosar a diversidade e propoñen romper coas desigualdades, “na procura dun futuro máis libre e xusto”. A Casa do Cabido abre de martes a sábado de 10 a 14 e de 17 a 21 horas, e os domingos de 11 a 14 horas.

MÚSICA

“Emocións naturais” no 25º aniversario da Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia celebra o seu 25º aniversario nesta temporada, baixo o lema “Emocións naturais”, con 24 concertos que serán retransmitidos en directo por streaming para os abonados da temporada pasada, posto que a actual situación sanitaria limita o aforo e fai inviable a venda dos abonos.

Tamén formarán parte da programación 2 propostas didácticas, 3 concertos de “Música para a cidade” e 2 concertos familiares. E a orquestra realizará 18 concertos noutras cidades galegas. Destacados solistas internacionais como Ellinor D’Melon, Lars Vogt, Wayne Marshall, Fazil Say, Sofya Melikyan, Matthieu Arama ou Pacho Flores compartirán escenario coa RFG, xunto a grandes voces e directores. Durante a temporada a RFG realizará varias estreas, mantendo así o seu compromiso coa creación contemporánea e o apoio a novos compositores galegos.



A temporada arranca coa estrea de “Alén” de Eduardo Soutullo

Para dar a benvinda ao público compostelán, como por razóns de seguridade sanitaria este ano a orquestra non pode ir aos barrios, convidará ás asociacións de veciños ao Auditorio de Galicia, a 3 concertos que se celebrarán o 30 de setembro e 1 e 2 de outubro, dirixidos por Pablo Devigo.

A temporada abrirá o 8 de outubro con Paul Daniel; será a estrea de *Alén* do compositor galego Eduardo Soutullo, obra gañadora do Premio de Composición AEOS-Fundación BBVA 2019. O 15 en Santiago e o 16 en Vigo, a violinista Ellinor D’Melon tocará coa RFG baixo a batuta de Maximino Zumalave. Jan Willem porase á fronte da orquestra cun programa dedicado a Mozart, o 22 en Santiago e o 23 en Lugo.

